



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias novembro 2021

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2021 acadou a cifra de 1.035.498 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de outubro de 2021 de 2.847 afiliacións (0,28%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.752.358, rexistrando un aumento do 0,31% con respecto ao pasado mes de outubro.

Na comparativa interanual (novembro de 2021 con novembro de 2020) obsérvase un aumento de 25.614 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,54%) e un aumento do 3,84% (730.356 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en once comunidades autónomas, destacando Canarias (1,48%), Comunitat Valenciana (1,38%) e Madrid (1,17%). Pola contra, a maior diminución atopámola en Illes Balears (-11,43%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias e Madrid con taxas superiores ao 4,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2021	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.752.358	61.768	0,31	730.356	3,84
Galicia	1.035.498	2.847	0,28	25.614	2,54
Andalucía	3.213.177	17.877	0,56	117.520	3,80
Aragón	582.759	-510	-0,09	15.428	2,72
Asturias	368.636	519	0,14	8.054	2,23
Illes Balears	455.838	-58.853	-11,43	33.884	8,03
Canarias	826.385	12.021	1,48	45.619	5,84
Cantabria	222.325	-626	-0,28	5.609	2,59
Castilla La Mancha	744.956	5.900	0,80	29.953	4,19
Castilla y León	932.744	-5.414	-0,58	21.950	2,41
Cataluña	3.514.504	14.765	0,42	135.509	4,01
Comunitat Valenciana	2.013.707	27.423	1,38	81.230	4,20
Extremadura	403.450	-705	-0,17	9.341	2,37
Madrid	3.368.881	39.000	1,17	147.193	4,57
Murcia	618.311	6.205	1,01	23.385	3,93
Navarra	296.911	427	0,14	8.505	2,95
País Vasco	976.838	3.115	0,32	17.657	1,84
La Rioja	132.335	-1.950	-1,45	3.926	3,06
Ceuta e Melilla	45.103	-274	-0,60	-20	-0,04

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de outubro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,25%, o que supón 14.011 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,20%), Lugo (1,76%) e, por último, Ourense (1,60%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro de 2021, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,28%. Só Lugo presenta unha taxa de variación intermensual negativa (-0,31%), mentres que o resto de provincias amosan datos positivos, sendo A Coruña a que máis se incrementa (0,50%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2021	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	445.303	2.224	0,50	14.011	3,25
LUGO	123.092	-377	-0,31	2.132	1,76
OURENSE	103.373	214	0,21	1.624	1,60
PONTEVEDRA	363.730	786	0,22	7.847	2,20
GALICIA	1.035.498	2.847	0,28	25.614	2,54
ESPAÑA	19.752.358	61.768	0,31	730.356	3,84


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,84% das afiliacións galegas en novembro de 2021, subiron un 0,37% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,19%. En España estas taxas foron do 0,37% con respecto a outubro de 2021 e do 3,19% en relación ao mes de novembro de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,09%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (1,42%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,14%) a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,54%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2021, baixan todas as provincias agás Ourense, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,06%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (1,76%) e unha subida intermensual (0,03%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a novembro de 2020, caen todas as provincias, destacando A Coruña (-2,37%). A taxa galega acaba entón o -2,10%, inferior á de España (0,00%). Con respecto a outubro de 2021, A Coruña presenta unha baixada do 0,03%, mentres que Lugo (0,78%) e Pontevedra (0,26%) presentan taxas positivas. A taxa galega amosa un aumento do 0,21% con respecto a outubro de 2021. A taxa nacional é do -0,36%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	445.303	0,50	3,25
LUGO	123.092	-0,31	1,76
OURENSE	103.373	0,21	1,60
PONTEVEDRA	363.730	0,22	2,20
GALICIA	1.035.498	0,28	2,54
ESPAÑA	19.752.358	0,31	3,84
R. XERAL			
A CORUÑA	354.179	0,65	3,96
LUGO	88.739	-0,38	2,92
OURENSE	80.141	0,26	2,23
PONTEVEDRA	282.947	0,27	2,60
GALICIA	806.006	0,37	3,19
ESPAÑA	16.363.613	0,37	4,29
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.147	-0,07	0,79
LUGO	32.814	-0,16	-1,14
OURENSE	23.232	0,02	-0,52
PONTEVEDRA	67.877	-0,03	1,42
GALICIA	209.069	-0,06	0,54
ESPAÑA	3.325.408	0,03	1,76
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.977	-0,03	-2,37
LUGO	1.539	0,78	-0,59
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.906	0,26	-2,15
GALICIA	20.422	0,21	-2,10
ESPAÑA	62.325	-0,36	0,00

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>